

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

5102 *Real decreto 304/2010, do 15 de marzo, polo que se establece o réxime de axudas á cobertura de custos excepcionais en substitución da subministración gratuíta de carbón.*

O Regulamento (CE) nº 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo de 2002, sobre axudas estatais á industria do carbón, considerando as importantes repercusións sociais e rexionais que derivan da racionalización e reestruturación da industria do carbón, xustifica a existencia de axudas que permitan cubrir os custos que se produzan ou se teñan producido por mor da racionalización e reestruturación da industria do carbón non relacionados coa produción corrente («cargas herdadas do pasado»). Estas axudas á cobertura de cargas excepcionais, previstas no seu artigo 7, permítenlles ás empresas mineiras cubriren os custos que, estando vinculados a eses procesos de reestruturación, se encontren expresamente definidos no anexo da norma.

Entre estes custos excepcionais inclúense, no número 1.e) do anexo do referido texto comunitario, os custos derivados das subministracións gratuítas de carbón aos traballadores privados do seu posto de traballo a raíz de reestruturacións e medidas de racionalización, así como a aqueles que tiñan dereito a iso antes da reestruturación.

A adopción do plan estratéxico «Plan nacional de reserva estratéxica de carbón 2006-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras», no que se recolle o compromiso de garantir, a través de acordos coas empresas ou a través das axudas á ordenación e racionalización, a percepción do «vale de carbón» ao persoal en activo e ao persoal pasivo, así como a necesaria adecuación de tales axudas á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, fan necesaria a aprobación dunha norma que regule a súa concesión directa.

Por outra banda, a Decisión da Comisión Europea do 24 de febreiro de 2010, C(2010)986 final, «Axuda estatal N 684/2009-España. Axuda en substitución da subministración gratuíta de carbón», declara a compatibilidade desta axuda co mercado interior, de conformidade co establecido no artigo 7 do Regulamento (CE) nº 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo de 2002, sobre axudas estatais á industria do carbón.

Na actualidade, o Real decreto 808/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais mediante prexubilacións, destinadas a cubrir cargas excepcionais vinculadas a plans de racionalización e reestruturación da actividade das empresas mineiras do carbón, está servindo como vehículo de concesión, con carácter periódico mensual, das citadas axudas, mentres permanecen na dita situación de prexubilación e ata que alcanzan a idade de xubilación ordinaria.

Faise necesario, en consecuencia, a constitución dun marco normativo que permita, nos mesmos termos, a concesión directa e por un tanto global da referida axuda en substitución da subministración gratuíta do carbón, desde a data do cumprimento da idade da xubilación ordinaria e ata os 75 anos de idade física, non establecéndose por iso unha duplicidade de axudas, senón unha dobre regulación do mesmo tipo de axuda que, por referirse a períodos distintos e formas de pagamento diferentes, requiren unha regulación específica, aínda que complementaria.

Estas axudas concederanse ás empresas mineiras que resulten beneficiarias, en función do cumprimento dun conxunto de requisitos obxectivos que, unha vez acreditados, permiten ao traballador interesado que extinguiu a súa relación laboral coa empresa beneficiaria e accedeu ao sistema de prexubilación, substituír a subministración gratuíta de carbón que viña percibindo por un importe indemnizatorio, circunstancia que determina que poidan ser procedementos iniciados por solicitude do interesado.

Non obstante, respecto dos traballadores prexubilados das empresas mineiras do carbón cuxa actividade extractiva cesase, será o propio organismo concedente o que, coa previa verificación dos requisitos exixidos na norma regulamentaria, outorgue estas axudas á cobertura de custos excepcionais, con obxecto de que non se frustre a finalidade pública e o interese social perseguido coa subvención.

En efecto, singulares razóns de interese público, económico e social, derivadas da necesidade de proseguir o proceso de reestruturación da industria do carbón e do importante impacto social que a redución da actividade das empresas mineiras comporta, xustifican a especial regulación destas axudas e o seu réxime de concesión directa. Por iso, ás axudas para a cobertura de custos excepcionais en substitución da subministración gratuítida do carbón resúltalles de aplicación o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, relativo a axudas en réxime de concesión directa, sendo preciso un real decreto que, de conformidade co artigo 28.2 da referida lei, aprobe as normas especiais das subvencións reguladas no mencionado artigo 22.2.c).

A vixencia do presente real decreto vincúlase ao citado Plan do carbón 2006-2012, polo que regulará as axudas á cobertura de custos excepcionais ata o 31 de decembro de 2012. Porén, ao ditarse ao abeiro do Regulamento (CE) nº 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo de 2002, cuxo ámbito de aplicación se limita ata o 31 de decembro de 2010, as axudas correspondentes aos exercicios 2011-2012 quedan condicionadas ao cumprimento da nova normativa comunitaria que, se for o caso, se aprobe e á observancia das condicións e criterios que se establezan.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, co informe previo do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación da concesión directa das axudas á cobertura de custos excepcionais en substitución da subministración gratuítida de carbón desde a data do cumprimento da idade da xubilación ordinaria e ata os 75 anos de idade física, no marco do previsto no «Plan nacional de reserva estratéxica de carbón 2006-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras».

CAPÍTULO II

Réxime das axudas

Artigo 2. *Finalidade e carácter singular das axudas.*

1. Estas axudas á cobertura de custos excepcionais concréntanse na substitución da subministración gratuítida de carbón («vale do carbón») aos traballadores prexubilados ou aos seus cónxuxes viúvos, por un importe que se percibirá, dunha soa vez, de conformidade co previsto no artigo 7.1 e no número 1.e) do anexo do Regulamento (CE) nº 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo de 2002, sobre axudas estatais á industria do carbón.

2. Este importe será obxecto de axuda específica por parte do Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras (Instituto), de acordo co procedemento e suxeición aos requisitos e límites establecidos neste real decreto.

3. Outorgaranse en réxime de concesión directa, atendendo ao seu carácter singular, dado o seu interese público, económico e eminentemente social, derivado da necesidade de proseguir o proceso de reestruturación da industria do carbón, e da súa evidente

repercusión social, e ao abeiro do disposto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non serán compatibles con outras axudas concedidas aos beneficiarios co mesmo obxecto ou finalidade por calquera Administración pública ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Artigo 3. *Límites temporais.*

Con suxeición ao disposto na disposición adicional primeira, respecto á adecuación do réxime de axudas á normativa comunitaria, as axudas por cargas excepcionais derivadas de plans de reestruturación e racionalización reguladas neste real decreto concederanse aos traballadores que accedesen á prexubilación desde o 1 de xaneiro de 2006 ata o 31 de decembro do ano 2012.

Artigo 4. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas mineiras privadas que teñan ou teñan tido axudas destinadas a cubrir perdas da produción corrente, nos termos sinalados nos artigos 4 e 5 do Regulamento (CE) nº 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo de 2002, que cumpran os requisitos exixidos no artigo 7 e sempre que procedan a substituír o vale do carbón por un pagamento único segundo o previsto no presente real decreto.

2. De acordo coa natureza e a finalidade das axudas previstas neste real decreto, que se refiren á cobertura de cargas excepcionais a favor dos traballadores, as empresas beneficiarias destas axudas quedan expresamente exceptuadas dos requisitos establecidos nas letras b), e) e g) do artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 5. *Financiamento.*

As axudas por cargas excepcionais recollidas neste real decreto financiaranse con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, vixentes en cada exercicio.

Artigo 6. *Réxime xurídico aplicable.*

As axudas a que se refire este real decreto, ademais de polo previsto nel, rexeranse polo establecido no Regulamento (CE) nº 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo de 2002, sobre as axudas estatais á industria do carbón, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais lexislación que resulte de aplicación.

CAPÍTULO III

Requisitos e cuantificación das axudas

Artigo 7. *Requisitos.*

1. As empresas poderán solicitar a cobertura de custos excepcionais en substitución da subministración gratuíta de carbón a favor:

a) Dos traballadores prexubilados acollidos ao Real decreto 808/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais mediante prexubilacións, que estivesen percibindo mentres se encontraban en activo o denominado «vale do carbón».

b) Dos cónxuxes ou, no seu defecto, os fillos menores de vinte e seis anos, dos prexubilados a que se refire a letra a) se estes faleceron con anterioridade á solicitude desta subvención.

2. As empresas que soliciten estas axudas por cargas excepcionais herdadas do pasado para os traballadores prexubilados ou os seus cónxuxes viúvos (no seu defecto, fillos menores de vinte e seis anos), deberán certificar as circunstancias exixidas no número anterior.

Artigo 8. *Criterios para a cuantificación das axudas.*

1. A substitución do «vale de carbón» por unha cantidade que se percibirá por unha soa vez realizarase de acordo cos seguintes criterios:

a) Aos traballadores prexubilados que cumpran os requisitos exixidos no artigo 7.1.a) aboaráselles, ao entraren no sistema de prexubilacións, ademais da cifra de 216,36 € anuais durante o período de prexubilación prevista no Real decreto 808/2006, do 30 de xuño, unha cantidade por unha soa vez, equivalente a 216,36 €/ano polo número de anualidades que lles resten desde a súa idade física de xubilación ordinaria, ata alcanzar os 75 anos físicos.

O número de anualidades obterase estimando como unidade a fracción de ano. Para calcular este valor actual aplicarase unha revalorización do 2 por cento anual desde a idade física da xubilación ordinaria e aplicarase unha taxa de desconto do 6 por cento anual ata a data de incorporación ao plan de prexubilación. As cantidades que corresponden á aplicación destes parámetros son as contidas no anexo deste real decreto.

b) Aos cónxuxes beneficiarios ou, no seu defecto, aos fillos menores de vinte e seis anos, de traballadores prexubilados falecidos que reúnan os requisitos exixidos no artigo 7.1 b), aboaráselles dunha soa vez unha cantidade equivalente a 216,36 €/ano polo número de anualidades que lles resten desde a data de solicitude da axuda ata que o titular do dereito acade os 75 anos, cun límite de 10 anualidades.

CAPÍTULO IV

Procedemento

Artigo 9. *Solicitude.*

1. As solicitudes dos beneficiarios que desexen acollerse a estas axudas deberán ser presentadas antes do 15 de febreiro de cada exercicio anual, ante o presidente do Instituto, en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Xunto coa solicitude achegarase a documentación descrita no artigo 10.

2. A solicitude deberá estar referida ao persoal da empresa que accedese ao sistema de prexubilacións en 31 de decembro do ano anterior ao exercicio anual en que se solicitan as axudas previstas neste real decreto.

Artigo 10. *Documentos que deben acompañar a solicitude.*

1. As solicitudes, ademais de conteren a información requirida polo artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Declaración responsable en que se manifieste que non se solicitaron, se pretenden solicitar ou se obtiveron outras axudas co mesmo obxecto.

b) Relación nominal e número de identificación fiscal de perceptores do «vale de carbón» identificados segundo o previsto no artigo 7.1.

c) Certificado da empresa no que se acredite que cada un dos prexubilados ou cónxuxes de prexubilados falecidos que figura na relación nominal que acompaña a solicitude percibía o «vale de carbón» estando en situación de activo, e cumpre co resto dos requisitos exixidos no artigo 7 deste real decreto. O certificado deberá conter a aceptación do prexubilado ou, de ser o caso, do cónxuxe beneficiario.

d) Certificado de defunción, cando proceda.

e) Apertura, identificación e comunicación ao Instituto, dunha conta corrente de carácter finalista, especificamente destinada ao pagamento destas axudas. A mencionada conta, identificada como «conta da empresa para o pagamento das axudas polo “vale de carbón”» abrírase na entidade financeira en que habitualmente pague a nómina a empresa. Os gastos derivados do mantemento desta conta corrente serán por conta das empresas receptoras das axudas.

2. De a solicitude ou a documentación achegada non reunir os requisitos exixidos, requirirase o interesado para que, no prazo de dez días hábiles desde o seguinte ao da recepción do requirimento, repare a falta ou achegue os documentos preceptivos, con advertencia de que se non o fixer será tido por desistido da solicitude, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. De conformidade co previsto no artigo 23.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, os interesados poderán non achegar os documentos que consten en poder deste Instituto acolléndose ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 11. *Instrución das axudas.*

O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión será o xerente do Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, o cal examinará as solicitudes e documentos anexos presentados e efectuará a petición de cantas aclaracións considere necesarias, requirindo o interesado para que, de ser o caso, repare a falta ou presente os documentos preceptivos no prazo sinalado no artigo 10.2.

Artigo 12. *Proposta e resolución.*

1. O xerente do Instituto elevará a proposta de resolución ao presidente do Instituto. A dita proposta seralles notificada aos solicitantes das axudas para que, nun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación, manifesten a súa aceptación ou formulen as alegacións que coiden oportunas. No caso de que se produza a aceptación plena sen alegacións a proposta será considerada definitiva. Entenderase que se renuncia á axuda se, transcorrido o prazo concedido para o efecto, non foi aceptada a proposta ou non se formularon as alegacións oportunas.

2. O presidente do Instituto resolverá no prazo máximo de seis meses desde a presentación por parte dos solicitantes da documentación necesaria para a aprobación das axudas, mediante resolución que será notificada aos interesados conforme o disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3. Se no dito prazo non se ditou resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda conforme o establecido no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. A resolución, debidamente motivada, porá fin á vía administrativa e deberá incluír a relación nominal dos prexubilados ou cónxuxes viúvos destinatarios das axudas así como o seu importe individualizado.

Artigo 13. *Xustificación e pagamento das axudas.*

O pagamento das axudas á cobertura de custos excepcionais en substitución da subministración gratuíta do carbón, salvo o disposto na disposición adicional segunda deste real decreto, levarase a cabo tendo en conta o seguinte:

a) O importe da axuda ingresarase na conta corrente de carácter finalista aberta pola empresa mineira beneficiaria, a cal disporá dun prazo de trinta días hábiles, contados desde a data de notificación da transferencia correspondente, para efectuar o aboamento aos afectados.

b) Unha vez retirado o importe individualizado por prexubilados e cónxuxes ou beneficiarios afectados, a empresa remitirá ao Instituto os documentos acreditativos dese cobro, en orixinal ou fotocopia compulsada, asinados individualmente por cada un dos

perceptores, para efectos do disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. No suposto de que o prexubilado falecer con posterioridade á solicitude das axudas, o importe individualizado poderá ser retirado polo seu cónxuxe ou, no seu defecto, polos seus herdeiros legais.

c) Se o importe individualizado non for retirado no prazo antes sinalado, a empresa beneficiaria deberao comunicar ao Instituto para proceder ao seu posterior reintegro.

d) O prazo máximo para presentar a xustificación será dun mes, contado desde a finalización do prazo fixado para efectuar o aboamento aos afectados, salvo no suposto a que se refire o inciso final da alínea b) deste precepto, caso en que será de tres meses.

CAPÍTULO V

Seguimento e control das axudas

Artigo 14. Información.

O Instituto poderá solicitar aos petitionarios das axudas canta información de tipo técnico, laboral e contable sexa necesaria para exercer o oportuno control sobre a subvención.

Artigo 15. *Incumprimentos e reintegro.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que sexan incompatibles, dará lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro, nos casos establecidos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. En todo caso, a graduación dos incumprimentos das condicións impostas na resolución de concesión da axuda e, se procede, do correspondente reintegro, realizarase en función do principio de proporcionalidade.

Artigo 16. *Entidades colaboradoras.*

O Instituto poderá contratar para a xestión e o pagamento destas axudas, mediante un procedemento obxectivo, transparente e non discriminatorio, unha ou varias entidades colaboradoras, que se someterán ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. O ámbito de actuación das ditas entidades colaboradoras poderá ser provincial, autonómico ou nacional.

Disposición adicional primeira. *Autorización da Comisión Europea.*

As axudas correspondentes aos exercicios 2011-2012 condiciónanse á súa adecuación á normativa comunitaria que, de ser o caso, se dite sobre axudas estatais á industria do carbón a partir do 31 de decembro de 2010. No suposto de que se autoricen as axudas estatais por ese período, pero as condicións e criterios establecidos pola normativa comunitaria sexan incompatibles cos previstos nesta norma regulamentaria, procederá a súa modificación para os efectos de preservar, simultaneamente, o outorgamento das axudas e a observancia das normas comunitarias.

Disposición adicional segunda. *Concesión de axudas a traballadores prexubilados de empresas mineiras do carbón cuxa actividade extractiva cesase.*

1. O Instituto, no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, resolverá o outorgamento destas axudas á cobertura de custos excepcionais a favor dos traballadores prexubilados das empresas mineiras do carbón, a que se refire o artigo 4.1, cuxa actividade

extractiva cesase; sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos necesarios para acceder á subvención e con suxeición ao regulado nos artigos 7.1 e 8 desta norma regulamentaria.

2. Esta previsión unicamente será aplicable aos traballadores que accedesen ao plan de prexubilación ao abeiro do Real decreto 808/2006, do 30 de xuño.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das axudas derivadas da Orde ECO/239/2004, do 5 de febreiro.*

Aos procedementos de concesión iniciados ao abeiro da Orde ECO/239/2004, do 5 de febreiro, pola que se regulan as axudas á industria do carbón, correspondentes ás previstas no número 1) do artigo 7 e o número 1.e) do anexo do Regulamento (CE) nº 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo de 2002, sobre axudas estatais á industria do carbón, que se encontren pendentes de resolución no momento da entrada en vigor deste real decreto, seralles de aplicación o disposto na referida Orde ECO/239/2004, do 5 de febreiro, como norma vixente no momento do seu inicio.

Disposición transitoria segunda. *Solicitude de axudas referidas aos anos 2006, 2007, 2008 e 2009.*

O prazo de presentación da solicitude das axudas á cobertura de custos excepcionais en substitución da subministración gratuíta do carbón dos traballadores que accedesen á prexubilación en virtude de resolucións de outorgamento adoptadas nos anos 2006, 2007, 2008 e 2009 será dun mes, contado desde o día seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

O ministro de Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas competencias, poderá dítar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación e execución do real decreto.*

Os órganos competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e os organismos públicos dependentes e con competencia na materia adoptarán as medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

ANEJO

ANOS DE DIFERIMENTO (m)	ANOS DE DIFERIMENTO (m)													
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
1	216,36	204,12	192,56	181,66	171,38	161,68	152,53	143,89	135,75	128,07	120,82	113,98	107,53	101,44
2	424,56	400,53	377,86	356,47	336,29	317,26	299,30	282,36	266,38	251,30	237,07	223,66	211,00	199,05
3	624,91	589,53	556,17	524,68	494,98	466,97	440,53	415,60	392,07	369,88	348,94	329,19	310,56	292,98
4	817,69	771,41	727,74	686,55	647,69	611,03	576,44	543,81	513,03	483,99	456,59	430,75	406,37	383,37
5	1.003,20	946,41	892,84	842,30	794,63	749,65	707,22	667,18	629,42	593,79	560,18	528,47	498,56	470,34
6	1.181,71	1.114,82	1.051,71	992,18	936,02	883,06	833,06	785,90	741,42	699,45	659,86	622,51	587,27	554,03
7	1.353,48	1.276,87	1.204,59	1.136,41	1.072,08	1.011,40	954,15	900,14	849,19	801,12	755,77	713,00	672,64	634,56
8	1.518,77	1.432,80	1.351,70	1.275,19	1.203,01	1.134,91	1.070,67	1.010,07	952,89	898,96	848,07	800,07	754,78	712,06
9	1.677,82	1.582,85	1.493,25	1.408,73	1.328,99	1.253,76	1.182,80	1.115,85	1.052,68	993,10	936,99	883,85	833,83	786,63
10	1.830,87	1.727,24	1.629,47	1.537,23	1.450,22	1.368,13	1.290,69	1.217,63	1.148,71	1.083,69	1.022,35	964,48	909,89	858,38
11	1.978,15	1.866,17	1.760,54	1.660,89	1.566,88	1.478,19	1.394,51	1.315,58	1.241,11	1.170,86	1.104,59	1.042,06	983,08	927,43
12	2.119,86	1.999,87	1.886,67	1.779,88	1.679,13	1.584,08	1.494,42	1.409,83	1.330,03	1.254,74	1.183,72	1.116,72	1.053,51	993,87
13	2.256,23	2.128,52	2.008,04	1.894,38	1.787,15	1.685,99	1.590,55	1.500,52	1.415,59	1.335,46	1.259,87	1.188,55	1.121,28	1.057,81
14	2.387,46	2.252,32	2.124,83	2.004,55	1.891,09	1.784,05	1.683,06	1.587,79	1.497,92	1.413,13	1.333,14	1.257,68	1.186,49	1.119,33
15	2.513,73	2.371,44	2.237,21	2.110,57	1.991,11	1.878,40	1.772,08	1.671,77	1.577,14	1.487,87	1.403,65	1.324,20	1.249,25	1.178,53
16	2.635,23	2.486,07	2.345,35	2.212,59	2.087,35	1.969,20	1.857,74	1.752,58	1.653,38	1.559,79	1.471,50	1.388,21	1.309,63	1.235,50
17	2.752,16	2.596,37	2.449,41	2.310,76	2.179,96	2.056,57	1.940,16	1.830,34	1.726,74	1.629,00	1.536,79	1.449,80	1.367,74	1.290,32
18	2.864,66	2.702,51	2.549,54	2.405,23	2.269,08	2.140,64	2.019,48	1.905,17	1.797,33	1.695,59	1.599,61	1.509,07	1.423,65	1.343,07
19	2.972,93	2.804,65	2.645,90	2.496,13	2.354,84	2.221,55	2.095,80	1.977,17	1.865,25	1.759,67	1.660,07	1.566,10	1.477,45	1.393,83
20	3.077,11	2.902,93	2.738,61	2.583,60	2.437,36	2.299,39	2.169,24	2.046,45	1.930,62	1.821,33	1.718,24	1.620,98	1.529,23	1.442,67
21	3.177,35	2.997,50	2.827,83	2.667,77	2.516,76	2.374,30	2.239,91	2.113,12	1.993,51	1.880,67	1.774,22	1.673,79	1.579,05	1.489,67
22	3.273,82	3.088,51	2.913,69	2.748,76	2.593,17	2.446,39	2.307,91	2.177,28	2.054,03	1.937,77	1.828,08	1.724,61	1.626,99	1.534,89
23	3.366,64	3.176,08	2.996,30	2.826,70	2.666,70	2.515,75	2.373,35	2.239,01	2.112,27	1.992,71	1.879,92	1.773,51	1.673,12	1.578,41
24	3.455,96	3.260,34	3.075,80	2.901,69	2.737,45	2.582,50	2.436,32	2.298,41	2.168,31	2.045,58	1.929,79	1.820,56	1.717,51	1.620,29
25	3.541,91	3.341,43	3.152,29	2.973,86	2.805,53	2.646,72	2.496,91	2.355,58	2.222,24	2.096,45	1.977,79	1.865,84	1.760,22	1.660,59
26	3.624,62	3.419,45	3.225,90	3.043,30	2.871,04	2.708,53	2.555,22	2.410,58	2.274,13	2.145,41	2.023,97	1.909,41	1.801,33	1.699,36
27	3.704,21	3.494,54	3.296,73	3.110,12	2.934,08	2.768,00	2.611,32	2.463,51	2.324,07	2.192,51	2.068,41	1.951,33	1.840,88	1.736,68
28	3.780,79	3.566,78	3.364,89	3.174,42	2.994,74	2.825,23	2.665,31	2.514,44	2.372,11	2.237,84	2.111,17	1.991,67	1.878,94	1.772,58
29	3.854,48	3.636,31	3.430,48	3.236,30	3.053,11	2.880,29	2.717,26	2.563,45	2.418,35	2.281,46	2.152,32	2.030,49	1.915,56	1.807,13
30	3.925,40	3.703,20	3.493,59	3.295,84	3.109,28	2.933,28	2.767,25	2.610,61	2.462,84	2.323,44	2.191,92	2.067,85	1.950,80	1.840,38
31	3.993,63	3.767,58	3.554,32	3.359,13	3.163,33	2.984,27	2.815,35	2.655,99	2.505,65	2.363,82	2.230,02	2.103,80	1.984,71	1.872,37
32	4.059,29	3.829,52	3.612,76	3.408,26	3.215,34	3.033,34	2.861,64	2.699,66	2.546,85	2.402,69	2.266,69	2.138,39	2.017,34	1.903,16
33	4.122,48	3.889,13	3.668,99	3.461,31	3.265,39	3.080,55	2.906,18	2.741,68	2.586,49	2.440,09	2.301,97	2.171,67	2.048,74	1.932,78
34	4.183,28	3.946,49	3.723,10	3.512,36	3.313,55	3.125,99	2.949,04	2.782,12	2.624,64	2.476,07	2.335,92	2.203,70	2.078,96	1.961,28
35	4.241,78	4.001,68	3.775,17	3.561,48	3.359,89	3.169,71	2.990,29	2.821,03	2.661,35	2.510,70	2.368,59	2.234,52	2.108,04	1.988,71

Sendo:

$$B_n = \sum_{m=35}^{n-1} 216,36 (1+0,02)^{n-1} (1+0,06)^{-(n-1)}; A_n = B_n (1+0,06)^m$$

m = anos de diferimento; n = anos de pagamento